

Coñece o teu proxecto e nunca te rendas. Milhulloa loita pola súa ilusión.

- Milhulloa única cooperativa galega dedicada a elaboración de plantas medicinais e aromáticas
- Non renderse nunca á primeira de cambio é saber defender o teu proxecto

Palas de Rei, 18 de xuño de 2014

Milhulloa, cooperativa galega de plantas Medicinais e Aromáticas única en Galicia, elabora e comercializa produtos ecolóxicos baseados no aproveitamento de plantas medicinais e aromáticas, recibiu o martes, 17 de xuño, ós rapaces de “Aval Xóvenes” para contarlles cómo foron os seus inicios, as súas aventuras e darlles algún consello na dura tarefa de emprender. As socias contáronlles ós mozos que se coñeceron nun curso, igual ca eles, de autoemprego e que a raíz de asistir ó mesmo xurdiulles a idea e a ilusión de montar o seu propio negocio en algo que lles gustase.

Estiveron un ano xerando a idea e plasmando todo o proxecto en papel ata optar pola forma xurídica da cooperativa posto que era a que mellor se adaptaba o que elas querían. Os inicios foron duros posto que algún trámite burocrático en algún momento lles puxo algunha traba, pero o consello que lles deron ós mozos é que non se rendan á primeira de cambio e que peten en todas as portas porque nunca se sabe quen che pode botar unha man.

A súa idea inicial de negocio sufriu algún cambio xa que nun primeiro momento elas tiñan a idea de só producir e que fora un terceiro quen se encargara de todo o proceso de comercialización pero a medida que o negocio se foi asentando viron que a idea do intermediario, no seu caso non era a mellor, e decidiron que serían elas as encargadas de producir e comercializar os seus produtos, recomendándolles os rapaces que na medida do posible sexan eles os que se encarguen de todo o proceso, dende produción ata posta do produto nas mans dos seus clientes.

Dende 2009, esta cooperativa é cofundadora de Cop 57, cooperativa de servizos que destina os seus recursos propios a dar préstamos a proxectos de economía social.

Un consello que lles quixeron facer chegar as socias de esta cooperativa ós novos emprendedores é que coñezan o seu proxecto e que sexan capaces de defendelo en calquera lugar e situación. Iso é o mais importante posto que se un mesmo non cree na súa idea esta está destinada o fracaso. Elas loitaron polo que querían e a pesar de que esta aventura tivo momentos duros agora están vendo os logros.